

Máis información



gain.xunta.gal



ceei.xunta.gal

- @axenciaGAIN
- @axenciaGAIN
- www.linkedin.com/company/gain-axencia-galega-de-innovación
- www.vimeo.com/axenciagain

Axencia Galega de Innovación
Rúa Airas Nunes, s/n
Santiago de Compostela

Contactar vía teléfono ou mail:
981 957 008
axudas.gain@xunta.gal



INNOVACIÓN EMPRESARIAL

Fábrica do Futuro, Intelixente e Sostible

Axudas a proxectos empresariais de I+D+i estratéxicos, individuais ou en colaboración, que fagan un uso intensivo de tecnoloxías de fabricación intelixente e tecnoloxías verdes



Descrición/Obxectivos

Axudas a grandes proxectos empresariais de I+D+i, individuais ou en colaboración con outras empresas ou organismos de investigación, de carácter estratéxico para o tecido industrial galego e que fagan un uso intensivo de tecnoloxías de fabricación intelixente e tecnoloxías verdes, en liña coas tendencias internacionais da Industria 4.0.

Orzamento total: 15.000.000 € cofinanciados a través de fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Beneficiarios



Empresas do sector industrial, grandes ou pemes, cun establecemento en Galicia.

Agrupacións dunha empresa ou empresas industriais e un ou varios organismos de investigación.

Agrupacións entre unha grande empresa e unha ou varias pemes que, en ambos casos, deberán pertencer ao sector industrial.

Requisitos específicos dos proxectos:

- Ser estratéxicos para a renovación do modelo produtivo actuando como tractores nos ámbitos máis destacados da economía de Galicia.
- Facer un uso intensivo das tecnoloxías facilitadoras (TFE) para obter procesos e produtos de alto valor engadido en liña coas tendencias internacionais da fábrica do futuro.
- Contar cun orzamento subvencionable mínimo de 2.000.000 de euros e orzamento máximo de 30.000.000 de euros.
- Proxectos individuais dunha empresa ou en cooperación.
- A duración mínima dos proxectos será de catro anualidades e a máxima estenderase ata o 30/abril/2023.

Gastos subvencionables

Son actividades subvencionables a **investigación industrial, o desenvolvemento experimental e a innovación en materia de organización e procesos.**

- Custo de persoal
- Custo de equipamento e material instrumental de nova adquisición
- Materiais, subministracións e produtos similares
- Adquisición de patentes
- Servizos tecnolóxicos externos
- Subcontratacións
- Outros custos: informe auditoría
- Custos indirectos: Ata o 10% aos custos de persoal imputados ás actividades do proxecto

Intensidade da axuda

Categoría predominante do proxecto / da participación dun membro da agrupación no caso de proxectos en cooperación	Pequena empresa	Mediana empresa	Grande empresa
Investigación industrial	70%	60%	50%
Desenvolvemento experimental	45%	35%	25%
Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresa/s e un ou varios organismos de investigación e difusión de coñecementos, asumindo estes como mínimo o 10% dos custos subvencionables e tendo o organismo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación	80%	75%	65%
Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresa/s e un ou varios organismos de investigación e difusión de coñecementos, asumindo estes como mínimo o 10% dos custos subvencionables e tendo o organismo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación	60%	50%	40%
Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresas, alomenos unha das cales debe ser peme e que ningunha empresa corra por si soa con máis do 70% dos custos subvencionables	80%	75%	65%
Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresas, alomenos unha das cales debe ser peme e que ningunha empresa corra por si soa con máis do 70% dos custos subvencionables	60%	50%	40%
Innovación en materia de procesos e organización ²	50%	50%	15%

Principais novidades da convocatoria 2020

- O aumento das contías dos proxectos, que poderán ser de entre 2 e 30 millóns de euros.
- O fomento da colaboración efectiva tanto entre grandes empresas con pemes como entre empresas e un ou varios organismos de investigación.
- A inclusión entre os criterios de valoración a consonancia co Pacto Verde e cos principios da innovación responsable.

Indicadores do programa Industrias do Futuro 4.0 (edicións 2016, 2018 e 2019)



Axudas de máis de 51 Millóns de €
(capital mobilizado de 218 Millóns de €)



15 proxectos
financiados



26 empresas beneficiarias
e 4 centros tecnolóxicos participantes

Organismo xestor: Axencia Galega de Innovación
Tipo de apoio: Axuda a fondo perdido
Código do procedemento: IN854A

Data de publicación DOG: 27/08/2020
Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 28/09/2020
(1 mes dende a publicación no DOG)
Presentación de solicitudes: sede.xunta.gal

Esta axuda está cofinanciada polo Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 da Unión Europea - "Unha maneira de facer Europa"

Más información

🏠 gain.xunta.gal
✉ axudas.gain@xunta.gal

☎ 981 95 73 03
☎ 981 95 78 72

🏠 Axencia Galega de Innovación
(GAIN) - Rúa Airas Nunes s/n
15702 Santiago de Compostela